



POR Nieves Neira

# A palabra circular

**Escribiu Maurice Blanchot, ao final da segunda parte do seu libro 'A comunidade inconfesable', titulada 'A comunidade dos amantes': «O demasiado célebre e demasiado machucado precepto de Wittgenstein, 'Do que non se pode falar hai que callar', indica de feito que se ao enunciá-lo non puido impoñerse silencio a si mesmo, en definitiva, para callar, hai que falar. Pero, con palabras de que clase?».**

**O** AMOR é un deses temas que nos sittian nesa estrema, nese lindro. Por un lado, se esa comunidade dos amantes nos achega, como suxire Blanchot, ao precepto de Wittgenstein, é porque o eros fai tremer o mesmo logos. Por outro lado, a súa presenza fulcal en toda existencia fai del un tema común, tanto que Rilke, nas súas cartas ao mozo Kappus, aconsellálolle non transitalo no comezo do camiño da escritura. Para o poeta alemán o amor era difícil, proba última, que ainda que estea no comezo é no fin cando se revela, como lle escribía Augusto Joaquín a María Gabriela Llansol nunha das súas primeiras cartas. Por isto, talvez, este tempo: só logo de vintecinco anos de obra poética, Luís Valle achéganos un título, Alianza, o primeiro que ten como motivo o amor.

Salvada a mudez, o absoluto semella ser un dos perigos que axexan esa escritura dos amantes. Luís Valle anúncianos, xa na cita de *Safo que abre o libro*, un deses poucos fragmentos da autora de Lesbos que chegaron ata nós, cal será o camiño para salvalo. Antes de que o fragmento se exaltease e asentase como forma literaria no romanticismo e de que o fragmentario se rebelase contra o suxeito solipsista e contra o mundo como obxecto cohesionado do saber, quixo a fraxilidade da historia, a caducidade do papiro, que, nun erro elocuente, o amor se revelase como materia de resto, de fragmento, ourelado, como abeiradas están as palabras nos bordes da páxina no libro de Luís Valle, nunha escolla xa conscientemente fragmentaria. No centro, o silencio, a ausencia, que nos fai seguir o libro palpando os límites do que se pode dicir para que o que a palabra convoca non desapareza no dito. As veces, un solo verso, seguido dos puntos suspensivos entre corchetes, a exclamación conmovedora: «[...] NESTA vida, neste mundo!» arrasta un silencio esgazador.

Nese camiño de Alianza, nese motivo que é, fiel á súa raíz, movemento, o autor pespunta unha relación entre o amor e a palabra, entre a amada e a palabra. «De ti tomo ó himno onde a lingua funde/ a palabra/ Anzol. De ti tomo a palabra/ Amor,/ e a palabra/ Adiante/ e a palabra/ Luz.», ou máis adiante: «Es a yoz que tornea este idioma», ou mesmo o intento de dicir: «Ti, ti, ti». Desa Grecia arcaica, Valle parece non só tomar o fragmentario inaugural do amor de Safo, senón que a súa viaxe apunta a ese

vaso común do que naceron o eros e a lírica. Chama a atención en Eros. Poética del desejo, como Anne Carson, para falar do nacemento de eros na poesía occidental, ten que falar do alfabeto grego. Da abstracción que supuxo, por primeira vez na historia, dividir as unidades de son en consoantes, e combinar esas unidades, impronunciables por si mesmas, coas vogais. Da transformación que supuxo para o corpo o alfabeto, o esforzo concentrado na vista que restou espazo aos outros sentidos, que abriu o interior. E nesa oposición, entre un interior e un exterior creado pola palabra escrita, sitúa a autora o nacemento de Eros como obsesión literaria.

Eros fillo do si e do non, da presenza e da ausencia, da pobreza e da abundancia, inseparables da distancia, eros «dulceamargo», así tamén se nos dá no libro de Valle. Glukupikron, dulceamargo, como o calificou por vez primeira Safo, é unha das palabras entre parénteses que o autor nos ofrece ao final de moitos poemas, e que nos dan pistas, sutís coma pisadas, para trazar, a medida que el avanza da man da compañera, unha viaxe de referencias

d o

mundu, sobre todo, grecolatino, pero tamén do oriente da viaxe. Circulares coma a alianza son os ouroboros ou a deusa romana que celebraba o círculo do ano en marzo, Perenna. O xigante Panoptes, as pequenas Euphydryas, o batido de Jasconius, as moradas e destinos tecen ese lindo entre o suxeito e cultura, eses dous camiños entrelazados que apuntan a unha travessía. E, nesa travessía, a viaxe xa non é cara a amada, senón que son os dous xuntos os que emprenden o «inceso/ retorno a Itaca». Ningún agarda do outro lado: vaise con ela.

Eros Glukupikron, que só se sabe só cando non o está. Porén, quen aquí canta finalmente celebra a incompletude, o finito, e aí brilla coma nimbo a bondade do texto, coma neste último poema: «[...] COMA dous corpos/ episodios/ da palabra /Eternus». Ese suxeito que ralva a distancia do absoluto no amor ríndese tamén á duración que Novoneira chamou «tempo de intres»: «SON enteiramente/ o abrazo/ que desaparece contigo». E o texto oscila entre ese «perenne e ardido/ lugar de/ paso» e os dous soles que «óllanse de lonxe/polo oco transitorio/ de nós». E faino Luís Valle, como xa nos ten afetas, coa elegancia e delicadeza de quem asimila das follas «o aroma, o peso, o roce...», na xusta medida do pracer da copa, e coma se ainda puidésemos sentir o aire fino da proxima Anatolia.

